



## FONDO DE LIBROS E AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL

O martes 19 de maio, publicouse no DOG a Orde do 12 de maio pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquisición de libros de texto e material escolar.

### 1- QUEN PODE PARTICIPAR DO FONDO DE LIBROS E COMPRA DE MATERIAL?

**TODO O ALUMNADO QUE PARA O CURSO 2020/21 TEÑA PENSANDO MATRICULARSE NESTE CENTRO, tanto os que xa están como os que veñen de Primaria ou doutro Centro educativo.**



**PARA ISO, TEREDES QUE CUMPRIMENTAR O MODELO DE SOLICITUDE ED330B, que contén dous documentos: ANEXO I e ANEXO II. Xunto con esta información, envíasevos os modelos.**

**O mesmo modelo serve tanto para participar no fondo de libros como para a axuda para material.**

### 2- COMO SE FAI A SOLICITUDE?

**Debedes cumprimentar unha única solicitude, tanto se ides matricular a un fillo/a ou máis.**

**Podedes cumprimentar o modelo ED330B de dúas formas:**

-  **Por vía electrónica na aplicación informática: <https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>**
-  **Presentando no centro a solicitude que se adxunta con este escrito e toda a documentación persoal e familiar que se vos require na mesma.**




**AVISO: O modelo de solicitude que se vos envía dende o centro está lixeiramente modificado para facilitar a súa comprensión e para que vos sexa máis doado cubri-lo.**

**Pero tamén podedes presentar o modelo que vén no DOG ou na páxina Web <https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>**

### 3- PRAZO DE PRESENTACIÓN

**O PRAZO FINALIZA O 19 DE XUÑO!!**

### 4- CAUSAS DE EXCLUSIÓN DE PARTICIPACIÓN NO FONDO DE LIBROS

-  **Presentación fóra de prazo da solicitude**
-  **Deficiencias na solicitude ou na documentación aportada e non subsanada en prazo.**
-  **Falta de devolución dos libros de texto adquiridos co cheque este curso**



## 5- DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE APORTAR XUNTO COA SOLICITUDE:

- A) Copia do **LIBRO DE FAMILIA**. En caso de non ter libro de familia ou este non estea actualizado, deberán achegar algunha da seguinte documentación:
- ✓ **Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou convenio regulador.**
  - ✓ **Certificado ou volante de convivencia**
  - ✓ **Informe dos Servizos Sociais do Concello.**
- B) **Discapacidade:** certificación ou calquera outra documentación acreditativa emitida polo órgano competente só no caso de que dita certificación non fora expedida por organismos da Xunta de Galicia (sería o caso do alumnado que veña doutra comunidade autónoma)
- C) **Violencia de xénero:** Se é o caso, documentación acreditativa
- D) **Resolución xudicial de incapacitación** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada
- E) **Resolución administrativa ou xudicial** da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores para o alumnado en **situación de tutela ou garda** da Xunta de Galicia
- F) No caso de que os pais ou os titores non teñan DNI ou NIE, deberán aportar un **certificado de convivencia ou informe dos servizos sociais** do concello.

## 6- MODO DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE:

- a) Si optades por cumprimentar a solicitude por VÍA TELEMÁTICA A PLATAFORMA XA VOS PERMITE DEIXALA PRESENTADA DESTE XEITO. Asignaravos un número de solicitude que debedes gardar.
- b) Si optades por facela en papel, podedes presentala de dúas formas:
- 1- De modo presencial acudindo ao Centro. Neste caso teredes que pedir cita previa a través do teléfono do Centro en horario de maná: **886159784**
  - 2- Por correo electrónico sen necesidade de acudir ao Centro. Neste caso, podedes descargar o modelo, da páxina Web do Centro, no apartado impresos, da entrada "Secretaría" <https://www.edu.xunta.gal/centros/iescotobade/taxonomy/term/99>

Cumprimentalo, asinalo e escanear os documentos así como o resto da documentación requirida, recollida no punto 5 deste documento e enviar o conxunto en PDF ao seguinte correo electrónico: [secretaria@iescotobade.org](mailto:secretaria@iescotobade.org)

Tenorio, 20 de maio de 2020